

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO BIOINCUBATECH, INCUBADORA DE ALTA TECNOLOXÍA PARA O FOMENTO DA INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA DE BIOTECNOLOXÍA NOS ÁMBITOS DA SAÚDE E AS TECNOLOXÍAS ALIMENTARIAS ÁS MICROPEMES

Santiago de Compostela, a 5 de agosto de 2019

REUNIDOS

FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ, conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e Presidente da Axencia Galega de Innovación (en adiante **GAIN**), actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007, do 27 de xullo e polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

ANTONIO LÓPEZ DÍAZ, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante **USC**), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/201, do 21 de decembro, de universidades.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das funcións que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que a Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia establece o marco para o fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico, da transferencia e valorización de resultados e da innovación en Galicia en todas as súas vertentes, así como da súa xestión eficiente. Esta lei ten como obxectivo coordinar e potenciar os esforzos destinados a promover o coñecemento científico, contribuír eficazmente á consolidación da posición das empresas e institucións galegas no ámbito competitivo europeo e internacional e posibilitar un cambio no modelo produtivo galego cara outro centrado na innovación.

SEGUNDO: Que GAIN é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e apróbanse os seus estatutos (modificado polo Decreto 15/2014, do 6 de febreiro). Atópase adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

GAIN ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas de Galicia, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes. Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia e a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxico, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

TERCEIRO: Que a Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 de Galicia) constitúe o principal marco instrumental para articular e reforzar a política de I+D+i galega de cara consecución dos obxectivos establecidos no horizonte do 2020. A RIS3 de Galicia busca, de forma coordinada co conxunto de estratexias de ámbito rexional, nacional e europeo, e no marco de financiamento comunitario ata 2020, maximizar, a través da Innovación, o aproveitamento das oportunidades que entraña o contexto de transformacións globais que estamos a vivir e alcanzar os obxectivos de modernización da economía, competitividade e progreso social asumidos no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.

Por outra banda, a Estratexia de Impulso á Biotecnoloxía de Galicia 2016-2020, dentro dos seus eixos estratéxicos concretamente no seu Eixo A. Investigación, Transferencia de tecnoloxía e creación de empresas, integra un programa de actuación, o A.2. Programa de fomento bioempresedor e bioaceleración, no cal contempla unha acción específica relativa a programas de aceleración de proxectos biotecnolóxicos e Fomento da participación e atracción de iniciativas Open Innovation.

CUARTO: Que a Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, no artigo 39.3 establece que a universidade asume, como un dos seus obxectivos esenciais, o desenvolvemento da investigación científica, técnica e artística e que atenderá tanto á investigación aplicada como á básica. Como se pon de manifesto nos diferentes apartados do artigo 41 da citada Lei, co fomento da investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico preténdese asegurar o fomento da calidade e da competitividade internacional da investigación desenvolvida polas Universidades; a vinculación entre a investigación universitaria e o sistema produtivo, como vía para articular a transferencia dos coñecementos xerados e a presenza da Universidade no proceso de innovación do sistema produtivo e das empresas; a xeración de sistemas innovadores na organización e xestión polas Universidades do fomento da súa actividade investigadora, da transferencia dos resultados da investigación e da captación de recursos para o seu desenvolvemento.

QUINTO: Que a USC é unha entidade de dereito público que, xunto coa misión docente, realiza actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, o que a configura coma un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

SEXTO: Que a Fundación INCYDE foi nomeada Organismo con Senda Financeira segundo carta da *Dirección General de Fondos Europeos do Ministerio de Hacienda*, de data 23 de xuño de 2016, e segundo Convenio Marco de Colaboración asinado entre a Cámara de Comercio de España (Organismo Intermedio do PO), e a Fundación INCYDE, de data 2 de outubro de 2017, para o desenvolvemento do Proxecto Incubadoras de Alta Tecnoloxía para o fomento da innovación e a transferencia da tecnoloxía ás micropemes.

SÉTIMO: Que a USC, a *Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, SL* (en adiante, **Uninova**), e a *Cámara de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela* (en adiante, **Cámara Santiago**) decidiron presentar unha candidatura ao Proxecto Incubadoras de Alta Tecnoloxía denominado *BioIncubaTech. Incubadora de Alta Tecnoloxía para o fomento da innovación e transferencia de biotecnoloxía no ámbito da saúde e as tecnoloxías alimentarias ás micropemes* (en diante **BioIncubaTech**). Dita candidatura contou coa colaboración e compromiso de cofinanciamento da *Axencia Galega da Innovación (GAIN)*; que ademais se compromete a “participar activamente na definición, execución e supervisión da dirección estratéxica e de xestión de *BioIncubaTech* de xeito que as actividades desenvolvidas durante o proxecto financiado, e posteriormente de selo caso, estean coordinadas coas políticas públicas de transferencia e encaixen tanto na RIS3 como na Estratexia de Impulso da Biotecnoloxía en Galicia 2016-20”. Estes compromisos quedaron reflectidos no “Pre-Acuerdo” asinado por GAIN o 20 de febreiro de 2018 que se inclúe como anexo II ao presente Convenio.

OITAVO: Que tal e como se describe nos Criterios de Selección de Operacións do PO Plurirregional de España FEDER 2014-2020, a Fundación INCYDE procedeu á designación dos Organismos Beneficiarios executores do proxecto a través dun procedemento de concorrencia competitiva de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como cos principios de eficacia e eficiencia na xestión. Así, tras o desenvolvemento do procedemento, resultou seleccionada, por resolución definitiva publicada no BOE do 16 de maio de 2018, a candidatura *BioIncubaTech. Incubadora de Alta Tecnoloxía para o fomento da innovación e transferencia de biotecnoloxía na o ámbito da saúde e as tecnoloxías alimentarias ás micropemes*, integrada pola Universidade de Santiago de Compostela, a Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, SL e a Cámara de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela. Cada un deles resultou seleccionado como Organismo Beneficiario dunha operación concreta a executar no proxecto.

NOVENO: Que en virtude do anterior, con data 30 de xullo de 2018 subscribiuse o Convenio de Colaboración e Documento que Establece as Condicións da Axuda (DECA) para a *Incubadora de Alta Tecnoloxía para o Fomento da Transferencia de Tecnoloxía ás MicroPEMES BioIncubaTech*, que se inclúe como anexo III ao presente Convenio.

DÉCIMO: Que como se pode deducir do manifestado nos puntos anteriores, en cumprimento do establecido no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega, nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, os obxectivos que se perseguen con este convenio resultan de interese xeral, xa que coa posta en marcha deste proxecto promoverase a creación dunha contorna de alta innovación que transfira ao mercado o coñecemento xerado en centros de investigación, departamentos de I+D+i empresarial xerando sinerxías entre empresas tractoras, pemes e micropemes, así como unha contorna idónea garante do éxito dos proxectos innovadores, altamente tecnolóxicos incubados na mesma.

Así mesmo, dada a especificidade do obxecto do convenio, de apoio ao proxecto **Bioincubatech**, que foi seleccionado pola Fundación INCYDE para ser cofinanciado con fondos FEDER (Programa Operativo Plurirrexional de España FEDER 2014-2020 PO) no marco do Proxecto Incubadoras de Alta Tecnoloxía para o fomento da innovación e a transferencia da tecnoloxía ás micropemes, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo.

Por todo o que antecede, as partes asinantes ACORDAN subscribir o seguinte convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre GAIN e a USC, para o desenvolvemento do proxecto “*BioIncubaTech, Incubadora de Alta Tecnoloxía para o fomento da innovación e transferencia de biotecnoloxía nos ámbitos da saúde e as tecnoloxías alimentarias ás micropemes*”, concedido no marco da convocatoria da Fundación INCYDE para o desenvolvemento do proxecto "Incubadoras de alta tecnoloxía para o fomento da innovación e a transferencia da tecnoloxía ás micropemes" (Nº Expediente: IAT1805) cofinanciado polo Programa Operativo Plurirregional de España FEDER 2014-2020.

SEGUNDA.- Actuacións

As actuacións a realizar no proxecto “*BioIncubaTech, Incubadora de Alta Tecnoloxía para o fomento da innovación e transferencia de biotecnoloxía nos ámbitos da saúde e as tecnoloxías alimentarias ás micropemes*” están recollidas no anexo I (Memoria e Orzamento).

TERCEIRA.- Orzamento, financiamento e condicións económicas.

- O gasto total das actuacións a desenvolver pola USC no marco deste convenio, de acordo coa memoria e orzamento do **anexo I**, ascende a 1.577.508,78€ para o período 2018-2021 dos que a Fundación INCYDE financiará o 80%.
- Para o desenvolvemento do proxecto, GAIN achegará á USC o 20% do importe do gasto total das actuacións que esta debe realizar orzamentadas no **anexo I**, ata o importe máximo de 315.501,76 €, con cargo á aplicación orzamentaria 09.A3.561A.744.0 (Cod. Prox 2019.01), dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2019 (inclúe a axuda dos anos 2018 e 2019), 2020 e 2021, a través dos mecanismos previstos no ordenamento xurídico, que inclúen o cumprimento por parte da USC dos requisitos legais para ser beneficiario.

Orzamento anualizado Bioincubatech_USC					
Ano	2018	2019	2020	2021	Total
Orzamento total a executar USC	43.084,73 €	862.286,22 €	444.091,88 €	228.045,95 €	1.577.508,78 €
Financiamento INCYDE (80%)	34.467,78 €	689.828,98 €	355.273,50 €	182.436,76 €	1.262.007,02 €
Financiamento GAIN (20%)	-	181.074,19€	88.818,38 €	45.609,19 €	315.501,76 €

- A USC na execución deste proxecto someterase ao disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- A subcontratación das actividades subvencionadas regularase polo disposto nos artigos 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal, respectando para o efecto o establecido no artigo 27.3 da citada Lei 9/2007, que establece que cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e o devandito importe sexa superior a 60.000 €, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:
 - o Que o contrato se subscriba por escrito.
 - o Que a súa subscripción a autorice previamente a entidade concedente da subvención por escrito.
- Para os efectos do establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o custo total das consubstanciacións poderá acadar o 100% do custo total das actividades subvencionadas.

- De acordo co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007 (na redacción dada ao mesmo pola disposición final segunda da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013), cando o importe do gasto subvencionable iguale ou supere as contías establecidas na Lei de Contratos do Sector Público para o contrato menor, deberán achegarse un mínimo de 3 ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características dos gastos non existan no mercado suficiente número de entidades que os presten ou subministren. Estas excepcións deberán xustificarse. A elección entre as ofertas presentadas realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e achegarse unha memoria xustificativa cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa. Non obstante, tendo en conta que a USC reúne os requisitos previstos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público para ter a consideración de poder adxudicador deberá someterse á disciplina de contratación pública nos termos previstos no devandito texto legal.
- Procederase á revogación das subvencións, así como ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora nos casos e termos previstos nos artigos 32 a 40 (capítulos I e II do Título II) da Lei 9/2007.

CUARTA. Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada se realicen no período comprendido entre o 30 de xullo de 2018 e a data límite de xustificación da axuda establecida no convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Ao amparo do presente convenio considéranse actuacións subvencionables os investimentos e gastos realizados pola USC cuxa xustificación sexa aprobada pola Fundación INCYDE de acordo coa normativa FEDER aplicable e en particular coa indicada nas cláusulas sétima, oitava e novena do DECA, incluída como anexo III ao presente convenio.

QUINTA. Compromisos

As USC comprométese a:

- Presentar previamente á sinatura do convenio:
 - Certificacións que acrediten estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, en cumprimento dos artigos 11.e) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Segundo o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, estas certificacións poderán ser substituídos pola declaración responsable da USC de estar o día no cumprimento das citadas obrigas.

- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Realizar as actuacións e efectuar os correspondentes gastos incluídos na memoria de solicitude de **BioIncubaTech**, nas condicións establecidas no DECA asinado entre a Fundación INCYDE e a USC e incluído como anexo III ao presente convenio.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino da axuda concedida e facilitar a inspección e control dos órganos da Axencia Galega de Innovación co gallo de supervisar o cumprimento do convenio.
- Informar a GAIN de todas as comunicacións e difusión de carácter público previamente á súa publicación.
- Dar consentimento expreso a GAIN para incluír e facer público, nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.
- Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a “Ley Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales” e as normas que a desenvolven.
- Cumprir co disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos por GAIN.
- Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos e máis os xuros de mora devengados dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- No suposto de adquisición, construción e rehabilitación e mellora de bens inventariables, cumprir co disposto no artigo 29 da Lei 9/2007:

- No caso de bens inscribíbles nun rexistro público, o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención durante un período mínimo de 5 anos. Ademais deberá facer constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida. Para o resto dos bens, a USC deberá incorporalos ao rexistro do seu patrimonio, circunstancia que deberá xustificar documentalmente ante GAIN.
 - En canto aos demais bens aos que se refire este apartado, deberán destinarse ao fin concreto para o que se concedeu a subvención durante o período mínimo de 2 anos.
 - Facer constar expresamente a colaboración prestada pola Axencia Galega de Innovación en todo o material de execución, información e publicidade das actividades do convenio coa utilización do correspondente logotipo identificativo.
- Prestar consentimento expreso á publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos previstos no artigo 20 da *Ley 38/2003, de 17 de novembro, general de subvenciones*, modificado polo artigo 30.3 da *Ley 15/2004, do 16 de novembro, de racionalización del sector público y otras medidas de reforma administrativa*.
 - Cumprir coas obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, relativas á obriga de subministración de información por ser beneficiario de subvención.

SEXTA. Condicións de pagamento

Co fin de garantir a execución do proxecto, os pagamentos da axuda de GAIN realizaranse do modo seguinte:

1. Un primeiro anticipo en 2019 por importe de 181.074,19 €, tras a firma do presente convenio que corresponde ao confinamento (20%) do gasto a executar pola USC nos anos 2018 e 2019.
2. Un segundo pagamento en 2020, anticipado de gasto, por importe máximo de 88.818,38€

A concesión de ambos os dous pagamentos quedará condicionada ao cumprimento, por parte do beneficiario, dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007. A suma dos pagos a conta e dos pagos anticipados poderá alcanzar ata o 86% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados, en base a autorización polo Consello da Xunta de Galicia, e non excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario conforme ao disposto no artigo 62.4 do Decreto 11/2009.

3. Un terceiro e último pagamento no ano 2021, por un máximo de 45.609,19 € logo da presentación dun certificado da USC, antes do 27 de decembro, que recolla o importe executado no ano 2021 no marco do convenio para o proxecto Bioincubatech, e que deberá

corresponderse co importe da xustificación presentada á Fundación INCYDE. O importe do pagamento a realizar por GAIN corresponderá ó 20% da cantidade total xustificada á Fundación INCYDE, sen superar o importe máximo da axuda prevista.

SÉTIMA. Obrigas da USC e xustificación da axuda

1. A USC executará as accións contidas no programa **BioIncubaTech** nas condicións aprobadas pola Fundación INCYDE.
2. Á finalización de cada período de execución, a USC presentará á Fundación INCYDE unha memoria técnica xustificativa das accións desenvolvidas no período de referencia xunto cunha memoria económica e xustificación dos gastos realizados, nos prazos e segundo o procedemento establecido nas bases da convocatoria.
3. A USC xustificará ante GAIN a realización das actuacións e gastos que aparecen no anexo I a este convenio, por importe de 1.577.5088,78 € da seguinte forma:

	Data límite presentación xustificación	Documentación xustificativa	Período realización gastos e pagamentos
1ª xustificación	01/10/2020	Cantidade mínima a xustificar: 905.370,95 € • Certificación da USC relativa ao importe executado nos anos 2018 e 2019 no marco do convenio para o proxecto Bioincubatech, e que deberá corresponderse co importe da xustificación presentada á Fundación INCYDE. • Un mínimo de 8.616,95€ deben corresponder a gastos e pagos realizados no último trimestre do exercicio 2018. • Precísase a conformidade da Fundación INCYDE á xustificación dos anos 2018 e 2019 presentada pola USC. • Se non se alcanza a cantidade mínima a xustificar, a USC deberá proceder ao reintegro que resulte de aplicar unha intensidade de axuda do 20%.	Dende o 30/07/2018 ata 31/12/2019
2ª xustificación	31/10/2021	Cantidade mínima a xustificar: 444.091,88€ • Certificación da USC relativa ao importe executado no ano 2020 no marco do convenio para o proxecto Bioincubatech, e que deberá corresponderse co importe da xustificación presentada á Fundación INCYDE.	Dende o 01/01/2020 ata 31/12/2020



		• Precísase a conformidade da Fundación INCYDE á xustificación presentada pola USC • Se non se alcanza a cantidade mínima a xustificar, a USC deberá proceder ao reintegro que resulte de aplicar unha intensidade de axuda do 20%.	
3ª xustificación	27/12/2021	Cantidade mínima a xustificar: 228.045,95€ • Certificación da USC relativa ao importe executado no ano 2021 no marco do convenio para o proxecto Bioincubatech, e que deberá corresponderse co importe da xustificación presentada á Fundación INCYDE. • Se non se alcanza a cantidade mínima a xustificar, o importe da axuda de GAIN reducirase ata alcanzar unha intensidade de axuda do 20%.	Dende o 01/01/2021 ata 26/12/2021
4ª xustificación	31/10/2022	• Certificación da Fundación INCYDE relativa ao importe total executado pola USC no marco do convenio para o proxecto Bioincubatech. • Se o importe da axuda concedida por GAIN superara o 20% a USC deberá proceder a realizar o reintegro que resulte de aplicar unha intensidade de axuda do 20%. • Xustificación de cumprimento de obxectivos do convenio Bioincubatech	

GAIN resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coa xustificación do cumprimento do obxecto do convenio.

O cumprimento dos obxectivos do presente convenio xustificárase mediante o cumprimento dos indicadores acumulados comprometidos na memoria de solicitude de **BioIncubaTech**, que se inclúen como anexo IV.

OITAVA.- Compatibilidade con outras axudas.

A subvención de GAIN é incompatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a USC obteña para a mesma finalidade.

NOVENA.- Seguimento e evolución do convenio

Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste Convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento e Coordinación integrada por dous representantes de GAIN, un deles actuando como presidente, e dous representante da USC, designados a tal efecto por cada parte.



Son funcións da Comisión de Seguimento e Coordinación as seguintes:

- Realizar o seguimento das actuacións do Convenio.
- Propor solucións aos conflitos que puideran xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio.
- As que sexan precisas para garantir a correcta execución do convenio.

A comisión reunirse cantas veces o solicite algún dos membros.

Esta Comisión rexerá en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección 3ª do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMA.- Alteración das actuacións

Toda alteración nas accións a realizar deberá ser obxecto de autorización por GAIN e formalizárase mediante a correspondente addenda ao presente convenio, conforme ao artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo as previsións do artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, relativo á contratación sustentable, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigacións ou a ampliación do seu prazo de execución.

UNDÉCIMA.- Control

GAIN poderá realizar as actividades de inspección que considere oportunas para controlar e supervisar que as actividades obxecto deste convenio progresan adecuadamente e se alcanzan os obxectivos programados.

En todo caso, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

DUODÉCIMA.- Publicidade

A entidade beneficiaria do presente convenio consente expresamente o tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web da Axencia Galega de Innovación e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Do mesmo xeito, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, consinte expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos, no devandito rexistro.

DÉCIMO TERCEIRA.- Autonomía do beneficiario

Todos os resultados que se consigan no desenvolvemento do proxecto subvencionado deben integrarse no patrimonio da propia universidade, sen prexuízo da obriga da USC da facer constar expresamente a colaboración prestada pola Axencia Galega de Innovación en todo o material de execución, información e publicidade das actividades do convenio coa utilización do correspondente logotipo identificador.

DÉCIMO CUARTA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e GAIN, de maneira que non se lle poderá esixir a esta Axencia responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMO QUINTA.- Resolución

Serán causas de resolución do presente convenio procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de mora correspondente dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- O incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.
- O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no convenio.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.

O incumprimento total dos fins/obxectivos do convenio, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do investimento financiable ou da obriga de xustificación, serán causa de perda do dereito ao cobramento ou de reintegro total da subvención.

O incumprimento parcial dos fins/obxectivos do convenio dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou ao reintegro parcial da subvención na porcentaxe que se determine nos informes de seguimento.

DÉCIMO SEXTA.- Natureza e resolución de conflitos

Este convenio ten carácter administrativo, rexerase polas súas propias cláusulas e polo disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no seu regulamento aprobado no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e demais normas de dereito administrativo.

Así mesmo, exclúese do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (artigo 6.1), se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

GAIN ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade propia dos negocios xurídicos administrativos, de acordo coa Lei de contratos do sector público. As cuestións litixiosas que podan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdicional do Contencioso - Administrativo.

DÉCIMO SÉTIMA.- Vixencia

O presente convenio de colaboración entrará en vigor no momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021, sen prexuízo de que as actividades obxecto do mesmo xa se iniciasen o 30 de xullo de 2018.

E en proba de conformidade, asinan o presente Convenio, en duplicado exemplar, no lugar e data indicados na cabeceira do presente documento.

POLA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

POLA USC

Francisco José Conde López

Antonio López Díaz

ANEXO I. MEMORIA E ORZAMENTO

ANEXO II. PRE-ACUERDO GAIN-BIOINCUBATECH

PRE-ACUERDO DE COLABORACIÓN

Dña. Patricia Argerey Vilar en calidad de directora de la Axencia Galega de Innovación, dependiente de la Consellería de Economía, Emprego e Industria, manifiesta el compromiso de colaboración de esta entidad con el proyecto *"BIOINCUBATECH - Incubadora de Alta Tecnología para el fomento de la innovación y transferencia de biotecnología en los ámbitos de la salud y las tecnologías alimentarias a las micropymes"* impulsado por la Universidade de Santiago de Compostela, en colaboración con la Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, y con la Sociedad para el Impulso de Iniciativas Empresariales Emprendedoras (UNINOVA) en el marco de la convocatoria de la Fundación Incyde para el desarrollo del proyecto "Incubadoras de alta tecnología para el fomento de la innovación y la transferencia de la tecnología a las micropymes" (Nº Expediente: IAT1805) cofinanciado por el Programa Operativo FEDER de Crecimiento Inteligente.

MANIFIESTO

Que la Axencia Galega de Innovación, perteneciente a la Consellería de Economía, Emprego e Industria, considera del máximo interés dicha iniciativa al constituir, desde su punto de vista, una firme apuesta por impulsar el sector biotecnológico en Galicia, convirtiéndola en un polo de referencia internacional en la materia.

Con la puesta en marcha de este proyecto se promoverá la creación de un entorno de alta innovación que transfiera al mercado el conocimiento generado en centros de investigación, departamentos de I+D+i empresarial generando sinergias entre empresas tractoras, pymes y micropymes, así como un entorno idóneo garante del éxito de los proyectos innovadores, altamente tecnológicos incubados en la misma.



Por los motivos expuestos, la Axencia Galega de Innovación, firma este preacuerdo de colaboración para la cofinanciación del 20% de presupuesto del proyecto BioIncubaTech, en el supuesto de que este fuese concedido, según lo establecido en el ANEXO I.

De ser concedido el proyecto en la convocatoria arriba mencionada se tramitará un convenio de colaboración que estructure la colaboración para la puesta en marcha, definición, seguimiento y co-gestión de las actuaciones de todo el programa de incubación. De igual modo, la Axencia Galega de Innovación participará activamente en la definición, ejecución y supervisión de la dirección estratégica y de gestión de BioIncubaTech, de forma que las actividades desarrolladas durante la ejecución del proyecto financiado, y posteriormente de ser el caso, estén coordinadas con las políticas públicas de transferencia y tengan encaje tanto en la RIST3 como en la en la Estrategia de Impulso a la Biotecnología en Galicia 2016-2020.

Para que así conste a los efectos oportunos traslado, mediante el presente escrito, nuestro compromiso de colaboración

En Santiago de Compostela, a 20 de febrero de 2018

Fdo Dña. Patricia Argerey Vilar
Directora
Axencia Galega de Innovación



ANEXO III. DECA

ANEXO IV. Indicadores acumulados desglosados

	2019	2020	2021
C0001 Número de empresas que reciben apoio	8	24	40
<i>C0001 -USC</i>	<i>8</i>	<i>23</i>	<i>38</i>
<i>C0001- Uninova</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>0</i>
<i>C0001 - Cámara Santiago</i>	<i>0</i>	<i>1</i>	<i>2</i>
C0002 Número de empresas que reciben subvenciones	2	8	30
<i>C0001 -USC</i>	<i>2</i>	<i>7</i>	<i>29</i>
<i>C0001- Uninova</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>0</i>
<i>C0001 - Cámara Santiago</i>	<i>0</i>	<i>1</i>	<i>1</i>
C0005 Número de empresas beneficiadas da axuda (empresas creadas que reciben apoio)	4	8	20
<i>C0001 -USC</i>	<i>4</i>	<i>7</i>	<i>18</i>
<i>C0001- Uninova</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>0</i>
<i>C0001 - Cámara Santiago</i>	<i>0</i>	<i>1</i>	<i>2</i>
C0008 Aumento de emprego nas empresas subvencionadas	3	21	45
<i>C0001 -USC</i>	<i>3</i>	<i>20</i>	<i>43</i>
<i>C0001- Uninova</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>0</i>
<i>C0001 - Cámara Santiago</i>	<i>0</i>	<i>1</i>	<i>2</i>
E020 Empresas impactadas por actuacións de sensibilización, dinamización e concienciación	80	290	500
<i>C0001 -USC</i>	<i>40</i>	<i>180</i>	<i>260</i>
<i>C0001- Uninova</i>	<i>10</i>	<i>30</i>	<i>40</i>
<i>C0001 - Cámara Santiago</i>	<i>30</i>	<i>80</i>	<i>200</i>